



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 473

VIII legislatura

19 de maio de 2011

Fascículo 1

## SUMARIO

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.6. Proposicións non de lei

##### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

- 08/PNC-1793(64588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e tres deputados máis

Sobre o desenvolvemento das actuacións precisas para recorrer contra a multa imposta ao sector mexilloeiro galego pola Comisión Nacional da Competencia e o apoio das accións que neste mesmo sentido leven a cabo as súas organizacións representativas [142961](#)

- 08/PNC-1794(64612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a aprobación da declaración de impacto ambiental do estudo informa-

tivo para a execución da autovía A-76, Ponferrada-Ourense, ao seu paso por Valdeorras [142964](#)

- 08/PNC-1795(64676)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a adopción das medidas necesarias para conservar e protexer os diversos xacementos arqueolóxicos afectados polas obras programadas na instalación eléctrica LAT 66 KV entre Ponte Caldelas e Pazos de Borbén [142967](#)

- 08/PNC-1796(64689)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre o establecemento de reducións e exencións das obrigas fiscais para actividades de uso e defensa da lingua galega [142969](#)

- 08/PNC-1797(64691)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a adopción das medidas precisas para incrementar o número de permisos de explotación para o marisqueo a pé na confraría de pescadores de Carril [142971](#)

- 08/PNC-1798(64706)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis

Sobre a posta en práctica dun plan de optimización do servizo de transporte escolar nos centros educativos públicos cunha planificación de rutas que impida o condicionamento dos horarios dos centros pretendidos polas comunidades educativas [142974](#)

- 08/PNC-1799(64711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis

Sobre o establecemento de procedementos que eviten a discriminación e aseguren a representación proporcional dos centros de ensino públicos na selección de centros correspondentes aos distintos programas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria [142976](#)

- 08/PNC-1800(64717)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia de plans específicos de bolsas para desempregados que decidan iniciar estudos regrados, así como para propiciar o retorno ao sistema educativo dos menores de vinte e cinco anos en situación de desemprego [142978](#)

- 08/PNC-1801(64722)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis

Sobre o impulso dun programa específico de vivenda en alugamento e de bolsas ou axudas para os estudantes de formación profesional en función dos desprazamentos ao centro onde cursan os seus estudos [142980](#)

- 08/PNC-1802(64727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun programa específico de subvencións ou bolsas que lles garanta a posibilidade de continuar cos seus estudos aos mozos con proxenitores desempregados [142982](#)

- 08/PNC-1803(64731)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre o incremento do financiamento destinado polo Goberno galego ao Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais de competencia municipal [142984](#)

## 4. Procedementos de información

### 4.4. Respostas a preguntas

- 08/3PRE-8489(31854)(54174)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 3 deputados máis

Sobre as razóns do outorgamento polo Goberno galego de informe de impacto ambiental favorable ao proxecto de explotación mineira da concesión Sonsoles IV 6156.1, promovida por Picobello Andalucita, S.L., no concello das Pontes de García Rodríguez [142986](#)

- 08/3PRE-9130(31855)(54173)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 4 deputados máis

Sobre as razóns do outorgamento da Declaración de impacto ambiental favorable ao proxecto de explotación mineira da concesión Sonsoles IV 6156.1, promovida por Picobello Andalucita, S.L., no concello das Pontes de García Rodríguez, as súas repercusións no parque natural das Fragas do Eume e a avaliación das afeccións nas canles e nacuífero próximos, así como o cumprimento da lexislación ambiental [142990](#)

- 08/4PRE-0295 (41504)(54172)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre os plans relacionados coa sociedade da información [142994](#)

- 08/4PRE-0341(41735)(54171)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a localización expresa dos centros informáticos de procesamento de datos que serán trasladados á Cidade da Cultura [142999](#)

- 08/4PRE-2596(44364)( 54214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o balance que fai o Goberno galego do traballo realizado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia, creado polo Decreto 21/2010, do 4 de febreiro [143003](#)

- 08/4PRE-3681(45714)(54001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre a situación actual e a política que vai seguir o Goberno galego respecto dos aproveitamentos eléctricos que se van construír no concello de Mondoñedo denominados "Salto da Cabana", no río Tronceda, "C.H. de Figueiras" e "Central de Figueiras", no río Figueiras

[143005](#)

- 08/4PRE-5077(49550)(54217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre o número de funcionarios existentes na Xunta de Galicia a 1 de setembro de 2010

[143008](#)

- 08/4PRE-5078(49551)(54216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre o volume de persoal laboral existente na Xunta de Galicia a 1 de setembro de 2010, expresamente o número de persoas que ocupan prazas dese tipo

[143010](#)

- 08/4PRE-5079(49552)(54215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre o volume de persoal interino existente na Xunta de Galicia a 1 de setembro de 2010, expresamente o número de persoas que ocupan prazas dese tipo

[143012](#)

- 08/4PRE-5764(50589)(50589)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier

Sobre as actuacións desenvolvidas pola brigada de obras do departamento territorial durante o ano 2010 no concello da Cañiza

[143014](#)

- 08/4PRE-5827(50659)(53999)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e 2 deputados máis

Sobre a situación de deterioración da asistencia sanitaria na atención primaria e especializada en Ourense

[143015](#)

- 08/4PRE-5828(50662)( 53998)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e 2 deputados máis

Sobre a situación de deterioración da asistencia sanitaria na atención primaria e especializada en Vigo

[143017](#)

- 08/4PRE-5763(50587)(54000)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre o despacho de receitas de consultas privadas por facultativos do Sergas

[143019](#)

- 08/4PRE-5997(50938)(53997)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a situación de deterioro da asistencia sanitaria na atención primaria e especializada en Santiago de Compostela

[143021](#)

A Mesa do Parlamento, na reunión do 9 de maio de 2011, adoptou os seguintes acordos

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.6. Proposicións non de lei

##### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

###### Admisión a trámite, asignación a Comisión e publicación

- 08/PNC-1793(64588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Soneira Tajés, María Soledad, e tres deputados máis  
Sobre o desenvolvemento das actuacións precisas para recorrer contra a multa imposta ao sector mexilloeiro galego pola Comisión Nacional da Competencia e o apoio das accións que neste mesmo sentido leven a cabo as súas organizacións representativas  
Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

- 08/PNC-1794(64612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
López Vidal, Pablo Xabier  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a aprobación da declaración de impacto ambiental do estudo informativo para a execución da autovía A-76, Ponferrada-Ourense, ao seu paso por Valdeorras  
Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/PNC-1795(64676)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme, e Viéitez Alonso, Henrique  
Sobre a adopción das medidas necesarias para conservar e protexer os diversos xacementos arqueolóxicos afectados polas obras programadas na instalación eléctrica LAT 66 KV entre Ponte Caldelas e Pazos de Borbén  
Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/PNC-1796(64689)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito  
Sobre o establecemento de reducións e exencións das obrigas fiscais para actividades de uso e defensa da lingua galega  
Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/PNC-1797(64691)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito  
Sobre a adopción das medidas precisas para incrementar o número de permisos de explotación para o marisqueo a pé na confraría de pescadores de Carril  
Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

- 08/PNC-1798(64706)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis  
Sobre a posta en práctica dun plan de optimización do servizo de transporte escolar nos centros educativos públicos cunha planificación de rutas que impida o condicionamento dos horarios dos centros pretendidos polas comunidades educativas  
Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/PNC-1799(64711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis  
Sobre o establecemento de procedementos que eviten a discriminación e aseguren a representación proporcional dos centros de ensino públicos na selección de centros correspondentes aos distintos programas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/PNC-1800(64717)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis  
Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia de plans específicos de bolsas para desempregados que decidan iniciar estudos regrados, así como para propiciar o retorno ao sistema educativo dos menores de vinte e cinco anos en situación de desemprego  
Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/PNC-1801(64722)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis  
Sobre o impulso dun programa específico de vivenda en alugamento e de bolsas ou axudas para os estudantes de formación profesional en función dos desprazamentos ao centro onde cursan os seus estudos  
Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/PNC-1802(64727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis  
Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun programa espe-  
cífico de subvencións ou bolsas que lles garanta a posibili-  
dade de continuar cos seus estudos aos mozos con proxeni-  
tores desempregados  
Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/PNC-1803(64731)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Aymerich Cano, Carlos Ignacio  
Sobre o incremento do financiamento destinado polo  
Goberno galego ao Plan concertado de prestacións básicas  
de servizos sociais de competencia municipal  
Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011

José Manuel Baltar Blanco  
Vicepresidente 1.<sup>º</sup>

A Mesa do Parlamento, na reunión do 16 de novembro de  
2010, adoptou os seguintes acordos

## 4. Procedementos de información

### 4.4. Respostas a preguntas

- 08/3PRE-8489(31854)(54174)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Gallego Calvar, María Carmen e 3 deputados máis  
Sobre as razóns do outorgamento polo Goberno galego de  
informe de impacto ambiental favorable ao proxecto de  
explotación mineira da concesión Sonsoles IV 6156.1, pro-  
movida por Picobello Andalucita, S.L., no concello das Pon-  
tes de García Rodríguez

- 08/3PRE-9130(31855)(54173)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Gallego Calvar, María Carmen e 4 deputados máis  
Sobre as razóns do outorgamento da Declaración de impacto  
ambiental favorable ao proxecto de explotación mineira da  
concesión Sonsoles IV 6156.1, promovida por Picobello  
Andalucita, S.L., no concello das Pontes de García Rodrí-  
guez, as súas repercusións no parque natural das Fragas do  
Eume e a avaliación das afeccións nas canles e nacuífero  
próximos, así como o cumprimento da lexislación ambiental

- 08/4PRE-0295 (41504)( 54172)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bouza Santiago, Ana Luisa  
Sobre os plans relacionados coa sociedade da información  
BOPG núm. 287, do 06.08.2010

- 08/4PRE-0341(41735)(54171)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel e Fernández Leiceaga, Xoaquín  
María  
Sobre a localización expresa dos centros informáticos de pro-  
cesamento de datos que serán trasladados á Cidade da Cultura  
BOPG núm. 304, do 02.09.2010

- 08/4PRE-2596(44364)( 54214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel e Fernández Leiceaga, Xoaquín María  
Sobre o balance que fai o Goberno galego do traballo reali-  
zado polo Observatorio da Sociedade da Información e a  
Modernización de Galicia, creado polo Decreto 21/2010, do  
4 de febreiro  
BOPG núm. 316, do 20.09.2010

- 08/4PRE-3681(45714)( 54001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Sánchez Montenegro, Isabel  
Sobre a situación actual e a política que vai seguir o  
Goberno galego respecto dos aproveitamentos eléctricos que  
se van construír no concello de Mondoñedo denominados  
"Salto da Cabana", no río Tronceda, "C.H. de Figueiras" e  
"Central de Figueiras", no río Figueiras

- 08/4PRE-5077(49550)( 54217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel  
Sobre o número de funcionarios existentes na Xunta de Gali-  
cia a 1 de setembro de 2010  
BOPG núm. 341, do 26.10.2010

- 08/4PRE-5078(49551)( 54216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel  
Sobre o volume de persoal laboral existente na Xunta de  
Galicia a 1 de setembro de 2010, expresamente o número de  
persoas que ocupan prazas dese tipo  
BOPG núm. 341, do 26.10.2010

- 08/4PRE-5079(49552)( 54215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre o volume de persoal interino existente na Xunta de Galicia a 1 de setembro de 2010, expresamente o número de persoas que ocupan prazas dese tipo

BOPG núm. 341, do 26.10.2010

- 08/4PRE-5764(50589)( 50589)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier

Sobre as actuacións desenvolvidas pola brigada de obras do departamento territorial durante o ano 2010 no concello da Cañiza

BOPG núm. 344, do 29.10.2010

- 08/4PRE-5827(50659)( 53999)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e 2 deputados máis

Sobre a situación de deterioración da asistencia sanitaria na atención primaria e especializada en Ourense

BOPG núm. 344, do 29.10.2010

- 08/4PRE-5828(50662)( 53998)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e 2 deputados máis

Sobre a situación de deterioración da asistencia sanitaria na atención primaria e especializada en Vigo

BOPG núm. 344, do 29.10.2010

- 08/4PRE-5763(50587)(54000)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre o despacho de receitas de consultas privadas por facultativos do Sergas

BOPG núm. 344, do 29.10.2010

- 08/4PRE-5997(50938)(53997)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a situación de deterioro da asistencia sanitaria na atención primaria e especializada en Santiago de Compostela

BOPG núm. 344, do 29.10.2010

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

A páxina web do Consello Regulador do Mexillón de Galicia fai a seguinte descrición do sector produtor mexilloeiro galego:

*“O sector mexilloeiro, con máis de 3.300 bateas, xera uns 11.500 postos de traballo directo (dos cales 8.500 son fixos) e 7.000 indirectos e un volume de facturación anual que oscila entre os 120 e 150 millóns de euros en primeira venda, constituíndo un sector estratéxico no desenvolvemento económico presente e futuro da comunidade galega. Pero a súa transcendencia socioeconómica mídese especialmente polo efecto multiplicador derivado da distribución dos recursos xerados pola actividade produtiva na mesma zona.*

*En consecuencia, o sector mexilloeiro ten unha influencia decisiva na economía, no emprego e especialmente no desenvolvemento futuro de moitos municipios das rías galegas.*

*Cunha organización competente no desenvolvemento das súas actividades productivas e comerciais, baseada nun sistema de economía familiar, o Clúster do mexillón (subministradores de materias primas, produtores, depuradoras, conserveiras e cocedoiros) factura ao ano en torno aos 500 millóns de euros. Todo isto fai de Galicia o líder mundial no cultivo de mexillón para o consumo humano.”*

Esta realidade pode sufrir un duro revés en caso de executarse a multa da Comisión Nacional da Competencia que recentemente vén de facerse pública. As asociacións que engloban as bateas mexilloeiras



Grupo Parlamentario

xa teñen anunciado a súa intención de recorrer xudicialmente a sanción imposta pola CNC por considerala inxusta e por non ter en conta as alegacións e probas documentais aportadas na súa defensa, xa que a asunción desta multa implica o recoñecemento dunha práctica que a evolución dos prezos no mercado se encargaron de desmentir xa que, desgraciadamente para os intereses dos produtores, os prezos non só non subiron senón que baixaron constantemente ao longo dos anos.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Abordar todas as accións que fosen precisas en dereito para recorrer a multa imposta pola Comisión Nacional da Competencia ao sector mexilloeiro galego.

2.º) Apoiar as accións que neste mesmo sentido leven a cabo as organizacións representativas do sector mexilloeiro.

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés  
María José Caride Estévez  
José Manuel Gallego Lomba  
Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Soledad Soneira Tajés na data 02/05/2011 18:53:42**





Grupo Parlamentario

**María José Caride Estévez na data 02/05/2011 18:53:46**

**José Manuel Gallego Lomba na data 02/05/2011 18:53:58**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 02/05/2011 18:54:02**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/05/2011 18:54:06**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Pablo Xabier López Vidal, José Tomé Roca e Carmen Acuña do Campo** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

### Exposición de motivos

O acceso centro da Meseta a Galicia está previsto que se execute para comunicar as cidades de Ponferrada e Ourense, vertebrando ao mesmo tempo a comarca de Valdeorras, Monforte e Chantada. Un proxecto incorporado por un Goberno socialista ao Plan de Infraestruturas e Transporte e que está chamado a ser un dos principais vieiros de articulación territorial das provincias de Lugo e Ourense, da Galicia interior.

Unha actuación pensada e programada por quen hoxe exerce as responsabilidades de Ministro de Fomento e que se encontra, logo dun complicado percorrido, atascada por mor da existencia dun informe desfavorable emitido pola Xunta de Galicia a unha parte do trazado previsto.

Nunha recente comparecencia no Senado, ratificouse o compromiso de impulsar os proxectos que supoñen unha mellor vertebración do interior de Galicia e dunha nova comunicación coa zona do Bierzo. Manifestouse que o obxectivo é acelerar ao máximo a aprobación da Declaración de Impacto Ambiental (D.I.A) pendente. Isto é imposible diante da oposición dos actuais responsables políticos da Xunta de Galicia que cun informe negativo manteñen paralizado o avance de execución do proxecto.

Logo da emisión do informe en contra da Xunta de Galicia ao paso desta infraestrutura de comunicación pola Serra de Lastra na comarca de Valdeorras, o Ministerio de Fomento remitiulle fai máis de seis meses, varias solucións alternativas para poder desbloquear o problema, que a día de hoxe non foron contestadas nin atendidas.



Grupo Parlamentario

Diante da falla do informe favorable da autoridade ambiental da Xunta de Galicia non é posible formular a Declaración de Impacto Ambiental nin licitar os pertinentes proxectos construtivos para poder realizar a obra. Segundo a normativa vixente, a DIA é a que precisa a validez dos trazados e a división ou non dos mesmos. Si a Xunta de Galicia non fai os seus escasos deberes, esta actuación non deixará de estar paralizada.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ninguén no noso país pode discutir a necesidade desta actuación e as melloras que vai a reportar tanto para a mobilidade das persoas como das mercadorías, así como para a seguridade viaria. Cando nun futuro inmediato estea rematada o valor engadido que vai a distribuír nas terras polas que pasa será transcendental para a mellora da competitividade e do crecemento económico de Valdeorras, Monforte, Chantada e Ourense.

Resulta inconcibible que a Xunta de Galicia teña empantanado un proxecto desta envergadura e que non se saiban valorar os beneficios desta actuación durante a súa construción e o remate da mesma, nun momento de especiais dificultades económicas que estamos a padecer.

Diante desta situación insostible de ausencia de colaboración co Ministerio de Fomento por parte da Xunta de Galicia, para poder liberar esta necesaria actuación comunicacional, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desbloquear de inmediato o informe medioambiental que mantén paralizada a execución da autovía A-76 (Ponferrada – Ourense) ao seu paso por Valdeorras.**

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal  
José Tomé Roca  
Carmen Acuña do Campo  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



---

Grupo Parlamentario


**Pablo Xabier López Vidal na data 03/05/2011 16:56:36**

**José Tomé Roca na data 03/05/2011 16:56:42**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 03/05/2011 16:56:48**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/05/2011 16:56:52**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 04/05/2011 13:46  
**Nº Rexistro: 64676**  
Data envío: 04/05/2011 13:46:19.886

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias das deputadas e deputado **María do Carme Adán Villamarín, Henrique Viéitez Alonso e Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

### Exposición de motivos

No DOG do 17 de novembro do ano 2009 publicábase o acordo do 14 de outubro de 2009 do Departamento Territorial de Pontevedra. O acordo sometía a información pública a petición de declaración de utilidade pública e a urxente ocupación das instalacións eléctricas nos concellos de Ponte Caldelas, Soutomaior e Pazos de Borbén, en concreto, a L.A.T. 66 kV Ponte Caldelas-Pazos de Borbén.

No período de información pública recibíronse diversas alegacións. A continuación publicábase a resolución do 28 de marzo do ano en curso da Xefatura Territorial de Pontevedra, na que se declara de utilidade pública e a necesidade da urxente ocupación que leva implícita, da instalación eléctrica LAT 66 KV entre Ponte Caldelas e Pazos de Borbén. En dita resolución recollíase unha serie de condicionantes previos para a construción do trazado proxectado como son o informe ou declaración de predominio de utilidade pública por parte da Consellería de Medio Rural e a autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural por transcorrer dita liña no ámbito de diferentes xacementos arqueolóxicos.

Dado que hai diversas obras de gran incidencia que teñen previsto



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/05/2011 13:46  
Nº Rexistro: 64676  
Data envío: 04/05/2011 13:46:19.886

desenvolverse neste concello e, sobre todo, na parroquia de Amoedo, é polo que propoñemos a seguinte proposición non de Lei:

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a tomar todas as medidas necesarias para conservar e protexer os xacementos arqueolóxicos afectados polas obras programadas na instalación eléctrica LAT 66 KV entre Ponte Caldelas e Pazos de Borbén. Podemos destacar como xacementos afectados os seguintes: A Matanza, a Veiguiña Longa, a Légoa Seca, O Rego Novo, A Regueiriña ou as Pozas de Estevo."

Santiago de Compostela, 4 de maio do 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Henrique Viéitez Alonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 04/05/2011 13:45:09**

**Henrique Vieitez Alonso na data 04/05/2011 13:45:15**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 04/05/2011 13:45:22**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión**, relativa ao establecemento de reducións e exencións das obrigas fiscais para actividades de uso e defensa da lingua galega.

O artigo 25º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística establece, literalmente, o seguinte:

“O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras. Con esta finalidade e por actos singulares, poderanse outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais”.

Estas son as razóns que lean ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a adoptar as medidas precisas para que, no transcurso do presente ano 2011, se publique unha norma que estableza reducións ou exencións de obrigas fiscais polo uso e promoción da lingua galega nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras, en cumprimento do artigo 25º da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/05/2011 16:46  
Nº Rexistro: 64689  
Data envío: 04/05/2011 16:46:15.210

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2011.


Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Portavoz s. do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 04/05/2011 16:41:50**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/05/2011 17:31  
Nº Rexistro: 64691  
Data envío: 04/05/2011 17:31:01.971


## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu tratamento en Comisión**, relativa á adopción de medidas para impulso do sector marisqueiro e a xeración de emprego en Carril.

A Confraría de Carril xestiona unha concesión cun extenso ámbito territorial (1.200.000 m<sup>2</sup> de superficie) susceptible de aproveitamento para marisqueo a pé. Ao amparo do correspondente Plano de Explotación, aprobado pola Consellaría do Mar, faenaron no ano 2010 75 mariscadoras. Para o ano 2011 concedéronse 72 permisos de explotación (3 menos), que está previsto se reduzan finalmente a 70, a finais de 2011, por accederen á xubilación dúas mariscadoras.

O colectivo de mariscadoras a pé vai reducíndose paulatinamente. Acontece tamén noutras confrarías do noso país. É francamente surrealista, porque este banco marisqueiro pode dar moito máis de si. Pódese incrementar a produtividade e xerar máis postos de traballo en Carril, obxectivo prioritario nun contexto de crise económica e de incremento de desemprego como o que padece Galiza. Non facelo implicará a morte da actividade marisqueira por empobrecemento dos bancos e progresivo avellentamento das mariscadoras.

Pola contra, a incorporación de novas mariscadoras tería que supoñer que zonas actualmente improdutivas (en moitos casos por compactación do substrato, que precisamente por non traballalo minora a capacidade de fixación e medre de bivalvos)



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 04/05/2011 17:31  
**Nº Rexistro: 64691**  
Data envío: 04/05/2011 17:31:01.971

pasen a seren produtivas, pola acción de limpeza, movimentación de substratos, rareo, etc, destes bancos marisqueiros.

O aumento do número de mariscadoras suporía tamén máis ingresos para a confraría, maior dinamismo, máis posibilidades de vixilancia e, daquela, merma no furtivismo, etc. Resulta por esta razón lamentábel que os compromisos adquiridos no seu día pola Consellaría do Mar para incrementar en 21 o número de permex en Carril foran clamorosamente incumpridas.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión de Pesca e Marisqueo:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a adoptar as medidas precisas para incrementar o número de permisos de explotación para marisqueo a pé na Confraría de Carril, vinculando este obxectivo ás seguintes accións:

1.- Actuación de rexeneración e descontaminación da praia de Compostela.

2.- Accións de recuperación produtiva de zonas actualmente improdutivas do ámbito territorial de Carril: rareo, limpeza, movemento de substrato, subministración de semente, etc. Tamén con dotación, se proceder, da maquinaria pesada precisa para este cometido, da asistencia científico-biolóxica precisa, e mesmo de convenios coas mariscadoras con vixencia até que os bancos recuperados produzan con normalidade.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/05/2011 17:31  
Nº Rexistro: 64691  
Data envío: 04/05/2011 17:31:01.971

3.- Intensificación da loita contra o furtivismo a través do Servizo de Gardacostas de Galiza en colaboración cos servizos de vixilancia da Confraría.

4.- Programa de mellora da comercialización con accións de introdución do produto marisqueiro en novos circuitos, promoción da marca “Ameixa de Carril” etc.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Portavoz s. do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 04/05/2011 17:28:06**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de Motivos

As comunidades educativas cando pretenden axustar a xornada escolar en función das características e peculiaridades de cada centro educativo, ven ás veces como a posible decisión resulta condicionada polo transporte escolar do centro en cuestión.

O servizo complementario de transporte escolar e, concretamente, os seus horarios e características do servizo, impiden en ocasións que decisións e votacións maioritarias da comunidade educativa respecto da xornada escolar poidan ser levadas á práctica porque, sobre elas, prevalecen as decisións do servizo de transporte escolar.

Por outro lado, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten anunciado distintas negociacións co Transporte Escolar que non ten contemplado melloras cualitativas deste servizo. Non imos entrar nesta xustificación de motivos acerca das circunstancias destas negociacións, cuestión sobre a que xa no seu día formulamos a nosa postura, en todo caso si remarcar que anunciaban unicamente avances de tipo económico e, en ningún caso, doutro tipo.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en práctica un Plan de Optimización do Servizo de Transporte Escolar nos centros educativos públicos que ademais incorpore unha planificación de rutas que impida que os horarios dos centros que pretenden as comunidades educativas resulten condicionados por este servizo.**

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011  
Asdo.: Guillermo Meijón Couselo  
Concepción Burgo López  
Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Francisco Cerviño González  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez



Grupo Parlamentario  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 12:25:29**

**María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 12:25:40**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 12:25:46**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 12:25:54**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/05/2011 12:25:59**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de Motivos

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten establecido diferentes programas educativos, nomeadamente o Proxecto ABALAR e o de Centros Plurilingües onde resulta destacable a discriminación dos centros públicos resultante do procedemento empregado na selección de centros educativos.

Nomeadamente nas grandes vilas galegas, pódese observar como as porcentaxes de centro privados seleccionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en modo algún se corresponden coa proporción de centros na actual rede de centros sostidos con fondos públicos. Cuestión que se agrava cando consideramos que a ensinanza concertada vese favorecida nomeadamente na Ensinanza Primaria, de tal forma que as nais e pais que pretenden matricular por primeira vez aos seus fillos e fillas nun centro público integrado en tales programas vense notablemente prexudicados e condicionados a cambiar cara á rede concertada.

Consideramos, dende o Grupo Parlamentario Socialista, que é preciso aplicar procedementos correctores que equilibren tal situación de tal forma que, cando menos, a rede pública en cada territorio (provincia, comarca, concello,...) resulte representada nos distintos programas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na porcentaxe que lle corresponde nas distintas etapas educativas.



Grupo Parlamentario

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer, na selección de centros correspondentes aos distintos programas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, procedementos que aseguren a non discriminación dos centros públicos, tanto a nivel territorial (comarcas, concellos, ...) como de etapa educativa e estean, cando menos, representados nas porcentaxes que lles corresponde nos distintos ámbitos territoriais e de etapa educativa.**

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo  
Concepción Burgo López  
Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Francisco Cerviño González

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 12:38:17**

**María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 12:38:27**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 12:38:31**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 12:38:38**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/05/2011 12:38:41**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura.**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de Motivos

A situación socioeconómica pola que está a atravesar o noso país entendemos que pode e debe ser interpretada en clave de oportunidade tamén dende o punto de vista educativo.

Os datos do incremento da matrícula, nomeadamente en Formación Profesional, teñen unha parte importante da súa explicación na dificultade que observan os nosos mozos e mozas en atopar un posto de traballo ao remate da escolaridade obrigatoria.

Ao mesmo tempo, tamén se está a detectar unha tendencia dunha parte da mocidade que abandonou recentemente nos estudos e que agora está en situación de desemprego de tratar de retomar os mesmos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que resulta de grande interese para a formación de capital humano no noso país favorecer o regreso aos estudos por parte da mocidade que no seu día abandonou os mesmos ao remate da escolaridade obrigatoria.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar ante esa Cámara Plans Específicos de Becas para desempregados que decidan iniciar estudos regrados e para propiciar o retorno ao sistema educativo dos menores de 25 anos en situación de desemprego.**

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo  
Concepción Burgo López  
Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Francisco Cerviño González  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 12:45:46**

**María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 12:45:51**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 12:45:56**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 12:46:02**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/05/2011 12:46:07**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de Motivos

Conseguir que a nosa mocidade continúe cos seus estudos ao remate da ensinanza obrigatoria é, sen dúbida, un dos máximos retos que ten o noso sistema educativo. Un obxectivo ao que non podemos renunciar para así achegarnos ás cifras medias dos países do noso entorno e cumprir co compromiso asumido na Estratexia de Lisboa.

No camiño de acadar ese obxectivo, o incremento da matrícula en Formación Profesional constitúe un factor principal que é preciso contemplar dende a administración educativa con rigor e ambición.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que resulta preciso implementar un conxunto de medidas favorecedoras do desexado incremento de matrícula en Formación Profesional. Neste caso, queremos traer a esta Cámara unha iniciativa que contribúa a este fin abordando a problemática dos mozos e mozas que contén coa necesidade de desprazarse diariamente ao lugar de estudos ou mesmo que se vexan na obriga de residir no concello onde se sitúe o centro formativo.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar un Programa específico de Vivenda en Aluguer e de Bolsas ou Axudas para estudantes de Formación Profesional en función dos desprazamentos ao centro onde cursen os seus estudos.**

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo  
Concepción Burgo López  
Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Francisco Cerviño González  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 12:54:47**

**María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 12:54:55**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 12:55:00**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 12:55:05**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/05/2011 12:55:08**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Exposición de Motivos

A situación socioeconómica pola que está a atravesar o noso país entendemos que debe provocar por parte do actual Goberno da Xunta de Galicia unha resposta proactiva cara os sectores da sociedade máis desfavorecidas.

Dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria consideramos que se debe asegurar en todo momento que a nosa taxa de abandono escolar non se incremente por sectores da nosa mocidade que se atope coa imposibilidade real de continuar cos seus estudos por atoparse os seus proxenitores en situación de desemprego.

Xa que logo, dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Consellería de Educación debe articular os mecanismos necesarios para que tal situación non se produza.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a crear un Programa Especifico de Subvencións ou Bolsas que garantan que ningún mozo ou moza con proxenitores desempregados deba abandonar os seus estudos.

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo  
Concepción Burgo López  
Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Francisco Cerviño González  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 13:02:45**


**María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 13:02:52**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 13:02:56**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 13:03:02**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/05/2011 13:03:06**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/05/2011 13:14  
**Nº Rexistro: 64731**  
Data envío: 05/05/2011 13:14:20.039

## Á Mesa do Parlamento


O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do seu deputado e portavoz **Carlos Aymerich Cano**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa ao financiamento do Plano Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plano Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais, creado en 1988, ten por finalidade a colaboración entre o Estado e as Comunidades Autónomas para o financiamento dos servizos sociais municipais.

Entre 2005 e 2009 a cuantía destinada pola Xunta de Galiza ao Plano Concertado incrementouse de xeito substancial en máis dun 150%. Porén, e desde a chegada do PP á Xunta, o financiamento autonómico do Plano Concertado foi, primeiro, obxecto dunha substancial redución nos orzamentos para 2010 –pasando de 20 a 16 M€- para ser despois, en 2011, conxelado nesa cantidade.

Nesta liña de recortes, o pasado 29 de marzo o DOG publicou a Orde reguladora das bases polas que se rexerá a concesión de subvencións para o cofinanciamento dos servizos sociais municipais. Esta Orde establece, literalmente, que “non se financiarán novas altas no Servizo de Axuda no Fogar que se presta a persoas non recoñecidas como dependentes”. E non só iso: a conxelación da achega da Xunta ao Plano Concertado impedirá tamén estender o SAF tamén aos dependentes.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/05/2011 13:14  
**Nº Rexistro: 64731**  
Data envío: 05/05/2011 13:14:20.039

Os Concellos están así comprobando como, nos últimos meses, a Consellaría vén denegando novas altas no SAF a persoas dependentes con PIA recoñecido no que se lles asigna este servizo. Quizais porque a atención aos dependentes e a axuda no fogar é un deses servizos complementares que, segundo ten manifestado o Presidente da Xunta, poden ser recortados.

Así as cousas, formúlase a seguinte

#### PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento insta ao Goberno a incrementar o financiamento do Plano Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de competencia municipal co fin de asegurar a plena cobertura das demandas de acceso ao Servizo de Axuda no Fogar e aos demais servizos sociais básicos.

Santiago de Compostela, a 5 de maio de 2011.



Asdo.: Carlos Aymerich Cano  
Deputado e Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 05/05/2011 13:13:23**



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en pleno **número: 31854**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar e varios/as deputados/as máis, sobre **“as razóns do outorgamento polo Goberno galego de informe de impacto ambiental favorable ao proxecto de explotación mineira da concesión Sonsoles IV 6156.1, promovida por Picobello Andalucita, S.L., no concello das Pontes de García Rodríguez”**, (publicada no BOPG núm. 220 do 28 de abril de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O 14 de xaneiro de 2010 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formula a declaración de impacto ambiental do proxecto de explotación da Concesión ‘Sonsoles IV’ Nº 6156.1, no Concello das Pontes, promovido pola empresa Picobello Andalucita S.L.

A declaración de impacto ambiental considera que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpran as condicións que se establecen na mesma, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental estimou oportuno formular a antedita resolución unha vez avaliada a documentación do proxecto presentado e á vista dos informes favorables dos organismos competentes en





materia de conservación da natureza, augas e patrimonio cultural, así como do propio concello das Pontes.

O 7 de setembro de 2006 a entón Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulara declaración de impacto ambiental desfavorable para o proxecto de explotación Sonsoles por consideralo incompatible ambientalmente e contrario ao establecido no artigo 6 da directiva 92/43/CEE, ao afectar directamente nunhas 40 Hectáreas ao espazo natural protexido 'Fragas do Eume' e dentro deste espazo aos hábitats 4020 (prioritario) e aos 4030 e 8230.

O novo proxecto que foi obxecto da declaración de impacto ambiental de 14-1-2010 fórmase agora fóra dos límites do espazo protexido 'Fragas do Eume', eliminándose unha superficie de ocupación dentro do parque dunhas 40 hectáreas, ás que habería que engadir a superficie da franxa de amortecemento de 50 metros. Así mesmo, o proxecto incorporou as observacións e directrices efectuadas no informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza do 7 de xullo de 2006, o cal consideraba posible a compatibilidade ambiental da explotación fóra da área de influencia (50 m) do parque, o que dou pé a que o promotor presentase un novo proxecto de explotación modificado.

O novo proxecto reduce considerablemente a superficie ocupada, pasando de 77,9 ha a 27,7 Hectáreas e a vida útil da explotación tamén se reduce de 54 a 12 anos.

O proxecto avaliado fórmase fóra dos límites do espazo natural protexido 'Fragas do Eume', establecéndose unha franxa de amortecemento entre os seus límites e a explotación de 50 metros. Segundo o informado polo organismo competente en materia de conservación da natureza, non son previsibles afeccións sobre o parque natural, sendo compatible a explotación co



Plan Reitor de Uso e Xestión do parque natural que se atopa nunha fase moi avanzada de elaboración.

A Consellería de Economía e Industria está a tramitar un recurso potestativo de reposición contra a resolución de 25 de marzo de 2010 pola que se aproba o proxecto de explotación e plan de restauración 'Sonsoles IV'. O dito recurso foi presentado por diversas asociacións, por entender estas que non se avaliou axeitadamente a afección da explotación sobre a cunca do río Beelle.

Dentro da tramitación deste recurso, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental procedeu a recabar novos informes dos organismos competentes, para, de ser o caso, incorporar á declaración de impacto ambiental as prescricións que sexan pertinentes.

Por último, considérase que na avaliación ambiental deste proxecto se seguiron todos os trámites legalmente establecidos.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela 8 de novembro de 2010



O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

  
Roberto Casado García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 31855**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar e varios/as deputados/as máis, sobre **“as razóns do outorgamento da Declaración de impacto ambiental favorable ao proxecto de explotación mineira da concesión Sonsoles IV 6156.1, promovida por Picobello Andalucita, S.L., no concello das Pontes de García Rodríguez, as súas repercusión no parque natural das Fragas do Eume e a avaliación das afeccións nas canles e acuífero próximos, así como o cumprimento da lexislación ambiental”**, (publicada no BOPG núm. 220 do 28 de abril de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O 14 de xaneiro de 2010 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formula a declaración de impacto ambiental do proxecto de explotación da Concesión ‘Sonsoles IV’ Nº 6155.1, no Concello das Pontes, promovido pola empresa Picobello Andalucita S.L.



A declaración de impacto ambiental considera que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpran as condicións que se establecen na mesma, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental estimou oportuno formular a antedita resolución unha vez avaliada a documentación do proxecto presentado e á vista dos informes favorables dos organismos competentes en materia de conservación da natureza, augas e patrimonio cultural, así como do propio concello das Pontes.

O 7 de setembro de 2006 a entón Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulara declaración de impacto ambiental desfavorable para o proxecto de explotación Sonsoles por consideralo incompatible ambientalmente e contrario ao establecido no artigo 6 da directiva 92/43/CEE, ao afectar directamente nunhas 40 Hectáreas ao espazo natural protexido 'Fragas do Eume' e dentro deste espazo aos hábitats 4020 (prioritario) e aos 4030 e 8230.

O novo proxecto que foi obxecto da declaración de impacto ambiental de 14-1-2010 fórmase agora fóra dos límites do espazo protexido 'Fragas do Eume', eliminándose unha superficie de ocupación dentro do parque dunhas 40 hectáreas, ás que habería que engadir a superficie da franxa de amortecemento de 50 metros. Así mesmo, o proxecto incorporou as observacións e directrices efectuadas no informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza do 7 de xullo de 2006, o cal consideraba posible a compatibilidade ambiental da explotación fóra da área de influencia (50 m) do parque, o que dou pé a que o promotor presentase un novo proxecto de explotación modificado.

O novo proxecto reduce considerablemente a superficie ocupada, pasando de 77,9 ha a 27,7 Hectáreas e a vida útil da explotación tamén se reduce de 54 a 12 anos.



O proxecto avaliado formúlase fóra dos límites do espazo natural protexido 'Fragas do Eume', establecéndose unha franxa de amortecemento entre os seus límites e a explotación de 50 metros. Segundo o informado polo organismo competente en materia de conservación da natureza, non son previsibles afeccións sobre o parque natural, sendo compatible a explotación co Plan Reitor de Uso e Xestión do parque natural que se atopa nunha fase moi avanzada de elaboración.

A Consellería de Economía e Industria está a tramitar un recurso potestativo de reposición contra a resolución de 25 de marzo de 2010 pola que se aproba o proxecto de explotación e plan de restauración 'Sonsoles IV'. O dito recurso foi presentado por diversas asociacións, por entender estas que non se avaliou axeitadamente a afección da explotación sobre a cunca do río Beelle.

Dentro da tramitación deste recurso, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental procedeu a recabar novos informes dos organismos competentes, para, de ser o caso, incorporar á declaración de impacto ambiental as prescricións que sexan pertinentes.

Por último, considérase que na avaliación ambiental deste proxecto se seguiron todos os trámites legalmente establecidos."



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




XACOBEO 2010  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela 8 de novembro de 2010



O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

  
Rubián García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 41504**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **“os plans relacionados coa sociedade da información”**, (publicada no EOPG núm.: 287, do 6 de agosto de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica**, que ten o seguinte contido:

“En breve pretendese asinar os correspondentes protocolos de adhesión á Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica da Xunta de Galicia (Rede CeMIT) cos concellos de Lugo, Ames, Moaña, Porriño, Poio, Sada, Tomiño, As Pontes, Vilanova de Arousa, A Guarda, Ribadeo, Porto do Son, Burela, Camariñas, Valga, Cerceda, Mugarlos, Ribadavia, Cuntis, San Sadurniño, Boborás, Carballedo, Campo Lameiro, O Vicedo, Castrelo de Miño, Corcubión, Leiro, Xunqueira de Ambía, Sarreaus, Riotorto, A Bola, Vilasantar, Beariz, Manzaneda, Vilar de Santos, Vigo, Santiago, Ribeira, Pontearreas, Lalín, Boiro, Verín, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Betanzos, Sarria, Padrón, Arzúa, Celanova, Allariz, Ares, Fisterra e Castro Caldelas.

Efectivamente estase a cumprir nos seus termos a Moción aprobada por unanimidade no Pleno do Parlamento galego sobre as condicións de continuidade da Rede de Dinamización da Sociedade da Información





Xa ao comezo da súa legislatura o actual goberno estableceu como unha das medidas urxentes a levar a cabo, a extensión de redes de banda larga, especialmente nas zonas rurais, como un dos motores principais para o desenvolvemento económico, social e territorial de Galicia. Dado o alcance do proxecto, o primeiro paso foi levar a cabo a análise da situación actual da banda larga en Galicia, en canto ao estudo de infraestruturas e demanda potencial existente.

Como paso seguinte, en febreiro do ano 2010, aprobouse o Plan Banda Larga de Galicia 2010 - 2013, que define a estratexia a seguir para que no horizonte do ano 2013 toda a sociedade galega dispoña de acceso á banda larga de calidade.

Pouco máis de seis meses dende a aprobación do Plan Banda Larga de Galicia 2010 - 2013, a Xunta de Galicia xa ten en marcha máis da metade das actuacións para o despregamento de infraestruturas de telecomunicación previstas nesta estratexia.

De feito, xa no ano 2010, 36.377 veciños de 149 núcleos de poboación de máis de 100 persoas que actualmente non contan con acceso á banda larga disporán de acceso á banda larga de calidade mediante redes fixas, e máis de 28.000 habitantes de núcleos rurais de 22 concellos do sur de Lugo e cinco da Ribeira Sacra ourensá disporán de acceso mediante redes sen fíos.

Ademais, grazas á potenciación do operador público Retegal, a Xunta de Galicia, por unha banda, está levando a cabo conxuntamente o proxecto da Deputación de Pontevedra e, por outra, dando soporte ao proxecto da Deputación de Ourense para o despregamento de redes de acceso de banda larga no ano 2010. Ditos proxectos permitirán dotar de dispoñibilidade de acceso á banda larga de calidade, ao 85% da poboación de 51 concellos da provincia de Ourense e, ao 96% da poboación de 55 concellos da provincia



de Pontevedra que, actualmente non contan coa posibilidade de acceso á banda larga.

Especificamente desde a SXMIT no ano 2010 puxéronse en marcha novas liñas de axuda directas ás empresas, coas convocatorias de Fomento da empresa dixital (PR519A), desenvolvemento do sector empresarial da sociedade da información (PR520A) e produción e difusión de contidos dixitais (PR522A). Estas convocatorias tramitáronse en réxime de concorrencia competitiva e financiáronse neste ano un total de 209 proxectos cunha axudas públicas da Xunta de Galicia de 6.667.334 euros, dos que corresponden a MICROEMPRESAS galegas un 50,24 % dos proxectos (105) e un 42,98 % das axudas (2.855.682 euros).

Adicionalmente a liña de axudas destinada a que as entidades sen ánimo de lucro realicen actuacións de difusión e formación en materia da Sociedade da Información (PR521A) recollía expresamente unha contía de 250.000 € destinada a actuacións dirixidas ás Pemes.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, está a traballar na definición dun procedemento que permita asegurar que a Propiedade Intelectual e Industrial dos desenvolvementos software que encarga pertenza en exclusiva á propia Xunta, garantíndose deste xeito que a mesma pase a ter a potestade legal necesaria para poder licenciar, de resultar axeitado, o software e os desenvolvementos contratados como FLOSS.

Deste xeito, vaise garantir un maior reaproveitamento da inversión en Software por parte da Xunta e dos organismos que dela dependen, permitíndose unha implantación máis efectiva de estándares abertos, e posibilitándose a reutilización do mesmo tanto pola propia Xunta de Galicia, como por calquera axente interesado.



Para materializar este obxectivo, a Xunta de Galicia está a traballar para incluír unha serie de cláusulas tipo nos pregos de prescricións das licitacións de software por parte daquela dirixidas a garantir que a propia Xunta sexa a propietaria exclusiva, sempre que sexa legalmente posible, da propiedade intelectual e industrial do software e desenvolvementos licitados.

Cando se fala de adquisición de software, enténdese que se formaliza un contrato de subministración e, nese sentido establececese que “Todos os produtos, hardware e software, deberán fornecerse con manuais orixinais de operación e referencia e toda a documentación necesaria. Entregarase, tanto en castelán, como en galego toda a documentación que vaia dirixida a usuarios ou que sexa documentación de carácter público. Deberase entregar polo menos un xogo de manuais por cada sistema ou produto fornecido”.

Pola contra, o desenvolvemento de software adoita considerarse como contrato de servizos e se establece que “Toda a documentación que vaia dirixida a usuarios ou que sexa documentación pública entregarase en español e en galego, impresa, correctamente encadernada e coa cantidade de copias que se determinen para cada documento. Así mesmo, entregarase dita documentación no soporte magnético para facilitar o seu tratamento.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





**Rafael Castro García**

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 41735**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e don José Manuel Lage Tuñas, sobre **“a localización expresa dos centros informáticos de procesamento de datos que serán trasladados á Cidade da Cultura”**, (publicada no BOPG núm.: 305, do 3 de setembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica**, que ten o seguinte contido:

“Na actualidade cada organismo dependente da Xunta de Galicia conta con un ou varios CPD que xeneralmente non teñen as instalacións que garantan a dispoñibilidade do servizo. A maioría non teñen capacidade de crecemento, con ausencia de políticas corporativas de calidade, seguridade e dispoñibilidade, o que redunda nunha dotación de infraestruturas heteroxénea e unha ineficiencia no gasto TIC.

O CPD Integral da Xunta de Galicia permitirá realizar accións de homoxeneización en canto á estratexia tecnolóxica, adoptando criterios de economías de escala que permitan a redución de custos e a mellora dos servizos prestados, garantindo unha maior dispoñibilidade en estabilidade.



| CONSELLERÍA                | UBICACIÓN   | LOCALIDADE             | PROVINCIA  |
|----------------------------|---|------------------------|------------|
| TRABALLO                   | BENESTAR  | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| TRABALLO                   | BENESTAR  | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| TRABALLO                   | SPEC  | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| TRABALLO                   | SAN LÁZARO  | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| TRABALLO                   | CPD DE RESPALDO   | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| TRABALLO                   | ONTG  | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| TRABALLO                   | INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL - ISSGA              | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| CMATI                      | CPD SAN LÁZARO  | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| CMATI                      | CPD METEOGALICIA  | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| CMATI                      | CPD DE VIVENDA  | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| CMATI                      | AUGAS DE GALICIA  | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| CMATI                      | ENTE PÚBLICO - E. P. DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS - EPOSH        | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| ECONOMÍA E INDUSTRIA       | SAN CAETANO   | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| ECONOMÍA E INDUSTRIA       | SSCC  | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| ECONOMÍA E INDUSTRIA       | INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO   | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| ECONOMÍA E INDUSTRIA       | FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL                     | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| ECONOMÍA E INDUSTRIA       | INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA                                     | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| ECONOMÍA E INDUSTRIA       | INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA                             | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| FACENDA                    | INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA                                     | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| FACENDA                    | CIXTEC. CPD PRINCIPAL   | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| FACENDA                    | CIXTEC. CPD RESPALDO. SAN CAETANO                                   | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| EDUCACIÓN                  | SAN CAETANO   | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| SANIDADE                   | HOSPITAL PSIQUIÁTRICO DE CONXO                                      | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| CULTURA                    | CIDADE DA CULTURA. EDIFICIO DO ARQUIVO                              | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| CULTURA                    | TURGALICIA  | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| PRESIDENCIA                | CRTVG   | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| MEDIO RURAL                | CPD PRINCIPAL SAN CAETANO   | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| MEDIO RURAL                | CPD SECUNDARIO SAN LÁZARO (COMPARTIDO CON MEDIO AMBIENTE)           | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| MEDIO RURAL                | CPD SECUNDARIO DX MONTES SAN LÁZARO (COMPARTIDO CON MEDIO AMBIENTE) | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| MEDIO RURAL                | SODECO  | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| MAR                        | SAN CAETANO   | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| PRESIDENCIA (SXMIT)        | SALA DE COMUNICACIÓNS DE SAN CAETANO                                | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| PRESIDENCIA (SXMIT)        | SALA DE SERVIDORES DE SAN CAETANO                                   | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | AXEGA   | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | CECOP 112   | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA - EGAP                      | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA                                  | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A CORUÑA   |
| ECONOMÍA E INDUSTRIA       | DPTO. TERRITORIAL CORUÑA EDIF. ADMÓN. MONELÓS                       | A CORUÑA               | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS E AUDIENCIA DE A CORUÑA                                    | A CORUÑA               | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA (TSJ)                                  | A CORUÑA               | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | REXISTRO CIVIL DE A CORUÑA  | A CORUÑA               | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE A ESTRADA   | A ESTRADA              | PONTEVEDRA |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE ARZÚA   | ARZÚA                  | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE BECERREA  | BECERREA               | LUGO       |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE BETANZOS  | BETANZOS               | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE CANGAS  | CANGAS                 | PONTEVEDRA |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE CARBALLO  | CARBALLO               | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE CHANTADA  | CHANTADA               | LUGO       |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE CORCUBIÓN   | CORCUBIÓN              | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE FERROL  | FERROL                 | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE LUGO  | LUGO                   | LUGO       |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO  | LUGO                   | LUGO       |
| ECONOMÍA E INDUSTRIA       | DPTO. TERRITORIAL LUGO  | LUGO                   | LUGO       |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE MARÍN   | MARÍN                  | PONTEVEDRA |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE MONDOÑEDO   | MONDOÑEDO              | LUGO       |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE MONFORTE  | MONFORTE DE LEMOS      | LUGO       |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE NEGREIRA  | NEGREIRA               | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE NOIA  | NOIA                   | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE O PORRIÑO   | O PORRIÑO              | PONTEVEDRA |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE ORDES   | ORDES                  | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE OURENSE   | OURENSE                | OURENSE    |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE O BARCO DE VALDEORRAS                                   | OURENSE                | OURENSE    |
| ECONOMÍA E INDUSTRIA       | DPTO. TERRITORIAL OURENSE   | OURENSE                | OURENSE    |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE PONTEAREAS  | PONTEAREAS             | PONTEVEDRA |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE PONTEVEDRA  | PONTEVEDRA             | PONTEVEDRA |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA                                  | PONTEVEDRA             | PONTEVEDRA |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE VIGO  | PONTEVEDRA             | PONTEVEDRA |
| ECONOMÍA E INDUSTRIA       | DPTO. TERRITORIAL PONTEVEDRA  | PONTEVEDRA             | PONTEVEDRA |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE RIBEIRA   | RIBEIRA                | A CORUÑA   |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE SARRIA  | SARRIA                 | LUGO       |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE TUI   | TUI                    | PONTEVEDRA |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE VERÍN   | VERÍN                  | OURENSE    |
| ECONOMÍA E INDUSTRIA       | OFICINA DE VIGO   | VIGO                   | PONTEVEDRA |
| MAR                        | CETMAR  | VIGO                   | VIGO       |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE VILAGARCÍA DE AROUSA                                    | VILAGARCÍA DE AROUSA   | PONTEVEDRA |
| MAR                        | INTECMAR  | VILAGARCÍA DE AROUSA   | PONTEVEDRA |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE VILALBA   | VILALBA                | LUGO       |
| MAR                        | CIMA  | VILANOVA DE AROUSA     | PONTEVEDRA |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE VIVEIRO   | VIVEIRO                | LUGO       |
| CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA | XULGADOS DE XINZO DE LIMIA  | XINZO DE LIMIA         | OURENSE    |



Coa creación do CPD Integral da Xunta de Galicia proporcionaranse servizos que ata o de agora se viñan proporcionando polo resto dos CPDs da Xunta de Galicia. No caso dos CPDs principais das Consellerías e organismos autónomos, se migrarán todos os servizos, mentras que no caso dos CPDs periféricos se migrarán aqueles servizos que se podan executar de forma remota, integrando a meirande parte dos servizos, excepto aqueles que por razóns técnicas deban manter operacións en instalacións locais.

Os 80 centros informáticos de procesamento de datos que serán trasladados á Cidade da Cultura son:.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




XACOBEO 2010  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



  
Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 44364**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e don José Manuel Lage Tuñas, sobre **"o balance que fai o Goberno galego do traballo realizado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia, creado polo Decreto 21/2010, do 4 de febreiro"**, (publicada no BOPG núm.: 316, do 20 de setembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica**, que ten o seguinte contido:

"Apenas transcorrido un semestre dende a súa creación, o balance que fai o Goberno galego do traballo realizado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia debe considerarse netamente positivo.

Nos últimos anos viñan coexistindo, na Xunta de Galicia, dous observatorios moi ligados pola súa temática. Por unha banda, o observatorio da Sociedade da Información (OGSI), e por outra banda, o observatorio da Calidade e da Administración de Galicia (OCEG). Esta separación dunha mesma temática en dous observatorios que atendían ámbitos que evolucionan nun contorno cada vez máis próximo debía resolverse co obxecto dunha actuación máis eficiente evitando o solapamento das súas actuacións.




Polo tanto, cumpría, no momento no que as competencias relacionadas con estes ámbitos de observación son exercidas por un mesmo órgano, á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, facer unha integración das funcións do OGSÍ e do OCEG nun novo observatorio que achegase coherencia e uniformidade no ámbito da observación da Sociedade da Información e a Modernización en Galicia, actuando de acordo co principio de eficacia e baixo os criterios de máxima eficiencia, austeridade e economía organizativa, principios que se cumpriron sen dúbida coa integración das funcións do OGSÍ e do OCEG.

A finalidade da creación do OSIMGA (conseguir unha maior coherencia e uniformidade no ámbito da observación da Sociedade da Información e a Modernización das Administracións Públicas en Galicia mediante a integración das funcións de observación destes ámbitos nun único observatorio) sen dúbida se está a cumprir axeitadamente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 45714**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Isabel Sánchez Montenegro, sobre **"a situación actual e a política que vai seguir o Goberno galego respecto dos aproveitamentos eléctricos que se van construír no concello de Mondoñedo denominados 'Salto da Cabana', no río Tronceda, 'C.H. de Figueiras' e 'Central de Figueiras', no río Figueiras"**, (publicada no BOPG núm.: 323, do 29 de setembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"No tocante ao Salto de Cabana, no río Tronceda, o 13 de decembro de 2001 o presidente de Augas de Galicia, mediante resolución ditada para o efecto, procedeu á aprobación do correspondente proxecto construtivo, aprobándose na mesma resolución unha modificación do tramo ocupado, pasando a estar o mesmo entre as cotas 130,3 e 77,6 m.s.n.m. Actualmente atópase pendente de aprobación, por acordo do Consello da Xunta, do proxecto sectorial relativo a este salto, polo que non se acadaron aínda polo promotor todas as autorizacións preceptivas para dar inicio ás obras de construción relativas a esta central e, por iso, á data de hoxe, malia o tempo transcorrido desde o seu outorgamento, non deu comezo a súa construción e, moito menos, a súa explotación.



Por outra parte, na Central do Figueiras, por resolución do presidente de Augas de Galicia do 16 de abril de 2007, solicitouse a subsanación do proxecto inicialmente presentado e a presentación dunha solución final máis acorde coa actual lexislación en materia ambiental, así como cos criterios de respecto e conservación do contorno natural. O proxecto construtivo requirido foi presentado o 29 de maio de 2008, atopándose actualmente pendente de análise e aprobación. Durante a instrución do procedemento correspondente efectuarase un exame, tanto técnico como ambiental, do proxecto presentado co obxecto de garantir o necesario respecto do proxecto ao medio natural no que se pretende implantar.

Por último, no relativo á Central Hidroeléctrica de Figueiras, actualmente mantén en suspenso a tramitación do seu expediente, afectada polo Decreto 555/2005, do 10 de novembro -e pola orde posterior que o desenvolve, do 26 de febreiro de 2006- pola que se adoptan medidas provisionais en relación coa utilización do dominio público hidráulico e se acorda a suspensión da tramitación das solicitudes de concesión de aproveitamentos hidroeléctricos.

A política a seguir polo Goberno na materia é a de ser moi restritivo na concesión deste tipo de aproveitamento, non prevendo o Plan Enerxético Estratéxico 2010-2015 o outorgamento de concesións de augas para a instalación de novas minicentraís.

No relativo a posibles negociacións ou rescate das concesións, a cuestión atópase en estudo, dependendo das determinacións que, en última instancia prevexa o Plan Hidrolóxico da Demarcación Galicia-Costa en canto ao estado das augas e as medidas tendentes á súa conservación e recuperación.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2010



O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Campos García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 49550**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **"o número de funcionarios existentes na Xunta de Galicia a 1 de setembro de 2010"**, (publicada no BOPG núm.: 341, do 26 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"O número de funcionarios de carreira é de: 9.417.

Os datos que se facilitan refírense á data 1 de xullo de 2010 que é cando este Centro Directivo elabora as estatísticas sobre o persoal da Xunta de Galicia para remitilas ao Ministerio de la Presidencia (Administración Xeral do Estado). Tamén poden consultarse na páxina web da Xunta de Galicia no seguinte enderezo electrónico:

<http://funcionpublica.xunta.es/>

Información estadística

2010- Primer semestre."



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 49551**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **“o volume de persoal laboral existente na Xunta de Galicia a 1 de setembro de 2010, expresamente o número de persoas que ocupan prazas dese tipo”**, (publicada no BOPG núm.: 341, do 26 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O número de persoal laboral é de :5.525.

Os datos que se facilitan refírense á data 1 de xullo de 2010 que é cando este Centro Directivo elabora as estatísticas sobre o persoal da Xunta de Galicia para remitilas ao Ministerio de la Presidencia (Administración Xeral do Estado). Tamén poden consultarse na páxina web da Xunta de Galicia no seguinte enderezo electrónico:

<http://funcionpublica.xunta.es/>

Información estadística

2010- Primer semestre.”





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010  
Galicia

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 49552**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **“o volume de persoal interino existente na Xunta de Galicia a 1 de setembro de 2010, expresamente o número de persoas que ocupan prazas dese tipo”**, (publicada no BOPG núm.: 341, do 26 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O número de persoal interino é de: 1.136.

Os datos que se facilitan refírense á data 1 de xullo de 2010 que é cando este Centro Directivo elabora as estatísticas sobre o persoal da Xunta de Galicia para remitilas ao Ministerio de la Presidencia (Administración Xeral do Estado). Tamén poden consultarse na páxina web da Xunta de Galicia no seguinte enderezo electrónico:

<http://funcionpublica.xunta.es/>

Información estadística

2010- Primer semestre.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



~~Roberto Castro García~~

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Pablo Xabier López Vidal**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Que actuacións desenvolveu a Brigada de Obras do Departamento Territorial durante o ano 2010 no concello de **A Cañiza**?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2010



Asdo.: Pablo Xabier López Vidal  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Xabier López Vidal na data 28/09/2010 17:32:51**



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 50659**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e varios/as deputados/as máis, sobre **“a situación de deterioración da asistencia sanitaria na atención primaria e especializada en Ourense”**, (publicada no BOPG núm.: 344, do 29 de outubro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Atención Primaria non houbo lista de espera durante o verán do ano 2010.

No verán realizouse a actividade cirúrxica programada que foi superior á de anos anteriores. Non houbo ningunha situación de conxestión nos servizos de urxencias durante o verán.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 50662**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e varios/as deputados/as máis, sobre **“a situación de deterioración da asistencia sanitaria na atención primaria e especializada en Vigo”**, (publicada no BOPG núm.: 344, do 29 de outubro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Atención Primaria non houbo lista de espera durante o verán do ano 2010.

No verán realizouse a actividade cirúrxica programada que foi superior á de anos anteriores. Non houbo ningunha situación de conxestión nos servizos de urxencias durante o verán.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 50587**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **“o despacho de receitas de consultas privadas por facultativos do Sergas”**, (publicada no BOPG núm.: 344, do 29 de outubro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No marco da promoción de boas prácticas de prescrición e dispensación de medicamentos, enviouse unha notificación recordando os obrigas legais neste sentido.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 50938**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"a situación de deterioro da asistencia sanitaria na atención primaria e especializada en Santiago de Compostela"**, (publicada no BOPG núm.: 344, do 29 de outubro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"En Atención Primaria non houbo lista de espera durante o verán do ano 2010.

No verán realizouse a actividade cirúrxica programada que foi superior á de anos anteriores. Non houbo ningunha situación de conxestión nos servizos de urxencias durante o verán."



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

  
Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
    - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
    - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
    - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
  2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
    - 2.1 INVESTIDURA
    - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
    - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
  3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
    - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
    - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
    - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
    - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
    - 3.5 MOCIÓNS
    - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
      - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
    - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
    - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
  4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
    - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
    - 4.2 INTERPELACIÓNS
    - 4.3 PREGUNTAS
    - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
    - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
  5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
    - 5.1 SOLICITUDE O GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
    - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
    - 5.3 VALEDOR DO POBO
    - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
    - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
  6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
    - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
    - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
    - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
    - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
    - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
    - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
    - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
    - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
    - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
    - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
    - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
  7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
    - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
    - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
    - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
  8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
    - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
    - 8.2 PERSOAL
    - 8.3 ACTIVIDADES
  9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
    - 9.1 INFORMACIÓNS
    - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727